

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

**3222** *Real decreto 177/2015, do 13 de marzo, polo que se modifica o Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas para a súa adaptación á Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.*

A Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, busca establecer os principios e as normas básicas que, con pleno respecto ás competencias das comunidades autónomas e das entidades locais, garantan a unidade de mercado para crear un contorno moito máis favorable á competencia e ao investimento, facilitando que os axentes económicos se poidan beneficiar das ganancias dunha maior dimensión en termos de produtividade e custos, en favor da creación de emprego e de crecemento, e en beneficio último dos consumidores e usuarios, que terán un maior acceso a produtos e servizos de calidade.

A dita lei establece os principios xerais necesarios para garantir a unidade de mercado, entre eles o principio de non discriminación, o de necesidade e proporcionalidade das actuacións das autoridades competentes e o de eficacia en todo o territorio nacional das actuacións administrativas na libre iniciativa económica, o que implica o recoñecemento implícito de actuacións das autoridades competentes doutras administracións públicas. En concreto, o artigo 3.2 establece que: «2. Ningunha disposición de carácter xeral, actuación administrativa ou norma de calidade que se refira ao acceso ou ao exercicio de actividades económicas poderá conter condicións nin requisitos que teñan como efecto directo ou indirecto a discriminación por razón de establecemento ou residencia do operador económico».

No ámbito de aplicación da normativa nuclear, xeralmente as competencias executivas son de ámbito estatal e corresponden ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Non obstante, no que se refire ás instalacións radioactivas, mediante os correspondentes reais decretos fóronse transferindo á maioría das comunidades autónomas as funcións e os servizos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, en relación coas instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría (por exemplo: hospitais, industrias que utilizan fontes radioactivas, laboratorios, etc.).

O Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, establece no seu artigo 2.3 que as autorizacións de funcionamento referidas a instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría terán validez para todo o territorio español, e engade a condición de que o titular que vaia realizar calquera das actividades para as cales dispón de autorización, nunha parte concreta do territorio, deberá notificarlo fidedignamente á Administración territorial competente, a cal, transcorrido un prazo determinado, poderá denegar a dita actividade mediante escrito motivado.

Considérase que o feito de permitir que a comunidade autónoma de destino do operador (titular da instalación) se opoña a unha actividade autorizada noutra comunidade autónoma contravén o disposto na Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, ao ser unha intervención innecesaria e desproporcionada e, en consecuencia, contraria aos seus artigos 5 e 17, e que podería constituír unha intervención contraria ao principio de non discriminación, polo que o Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas debe ser modificado para adaptarse á dita lei.

Este real decreto foi sometido a informe do Consello de Seguridade Nuclear e na súa elaboración foron consultados os axentes económicos sectoriais e sociais interesados e as comunidades autónomas.

O real decreto que se aproba ten a súa orixe na disposición derradeira quinta da Lei 20/2013, do 9 de decembro. Por outra parte, ten o seu fundamento legal na

Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, que no seu artigo 28.1 dispón que o réxime xurídico das autorizacións das instalacións nucleares e radioactivas se establecerá regulamentariamente e, no seu artigo 94, autoriza o Goberno para que estableza os regulamentos precisos para a súa aplicación e desenvolvemento.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de marzo de 2015,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro.*

Modifícase o artigo 2 do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, que queda redactado co seguinte texto:

«Artigo 2. *Autoridades competentes.*

«1. A aplicación dos preceptos deste regulamento correspóndelles ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e ao Consello de Seguridade Nuclear, sen prexuízo das competencias doutros departamentos e das comunidades autónomas.

2. As funcións executivas que neste regulamento lle corresponden ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, en relación coas instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría, entenderanse atribuídas ás comunidades autónomas cando estas teñan transferidas estas funcións.

3. As autorizacións de funcionamento referidas a instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría terán validez para todo o territorio español. Sen prexuízo do anterior, o titular que vaia realizar calquera das actividades para as cales dispón de autorización, nunha parte concreta do territorio, deberá remitir unha comunicación á Administración territorial competente, e poderá iniciar a súa actividade a partir da dita comunicación.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de marzo de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,  
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ